

**Alcaldía do Concello  
de 92 concellos da provincia**

## **CIRCULAR SOBRE A ELABORACIÓN DO POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA DESTA DEPUTACIÓN**

Esta deputación está rematando a elaboración do **PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS+ 2021)**, e está prevista a súa aprobación polo Pleno desta deputación na sesión do 30 de xuño de 2021. O Plan elabórase no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no BOP nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

No acordo de aprobación do POS+ 2021 inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostibles solicitados polos concellos de acordo co previsto na Base 4.3. Estes investimentos vanse aprobar con natureza de reserva, condicionados á existencia de financiamento procedente de baixas de licitación ou de maiores achegas da deputación.

Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2021, no Expediente de modificación de créditos 2/2021, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de marzo de 2021, consignouse a cantidade de 25.000.000,00 €, que se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+2021, e que se vai aplicar a través do POS+ADICIONAL 2/2021, porque o POS+ADICIONAL 1/2021 destinado a gastos sociais extraordinarios xa foi aprobado.

A cantidade que lle corresponde a ese concello no POS+ ADICIONAL 2/2021 polo reparto da maior achega provincial por importe de 25.000.000,00 € é a seguinte:

<b>CONCELLO</b>	<b>POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (€)</b>
<b>92 concellos</b>	<b>25.000.000.00 €</b>

O concello **unicamente** poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de **investimentos financeiramente sostibles**, ben aos incluídos no **Plan Complementario ao POS+ 2021** ou ben a outros **novos investimentos** financeiramente sostibles.

É de destacar que **se o concello confirma investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021 os prazos de xestión do Plan Adicional son curtos** porque no seu momento xa presentou toda a documentación e os investimentos apróbanse coa condición da existencia de financiamento, polo que previsiblemente esta deputación poderá aprobalos de forma definitiva o antes posible.

Sen embargo, se o concello modifica a súa planificación inicial e inclúe **novos investimentos**, ou se solicita outros novos por non ser suficientes os previstos no Plan Complementario inicial, **os prazos de xestión para os novos investimentos son máis longos**, porque o Pleno do concello debe aprobar unha nova solicitude con outros investimentos, e a correspondente documentación debe presentarse na deputación para a súa revisión e, de ser o caso, inclusión noutra fase do Plan Adicional que máis adiante debe aprobar o Pleno da deputación.

Por iso, o POS+ Adicional 2/2021 aprobarase en dúas fases, e o concello poderá participar nunha fase ou nas dúas:

**Na 1ª fase** incluíranse os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2021, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento por ese concello, e agora unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva neste POS+ Adicional 2/2021 presentando a documentación que se indica máis adiante, polo que o 1º prazo de presentación de documentación é moi curto, **ata o 9 de xullo de 2021**.

**Na 2ª fase** incluíranse os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello desexe financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2021, e deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante, polo que o 2º prazo de presentación de documentación é máis longo, **ata o 1 de outubro de 2021**.

## **1º FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021 CON INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO**

Os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2021 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2021 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, **ata o 9 de xullo de 2021**, a seguinte documentación:

### **ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN** **Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2021**

Tendo en conta que o Pleno dese concello xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

O Acordo ou Resolución do concello de aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021 deberá indicar a denominación do investimento ou investimentos do Plan Complementario que solicita aprobar definitivamente, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento. Empregarase o modelo que figura na plataforma SUBTEL.

## **PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN** [Convocatoria POS+AD2a- OBRASSUM 2021](#)

Dado que se trata de investimentos aprobados no Plan Complementario ao POS+ 2021, cuxa documentación xa está subida na plataforma SUBTEL, unicamente é necesario que o concello suba un escrito asinado pola Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo que figura na dita plataforma.

No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2021 estivese sometido a condicións que aínda non fosen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

## **2º FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2021** **CON NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2021 novos investimentos financeiramente sostibles deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, **ata o 1 de outubro de 2021**, a seguinte documentación:

## **ACORDO DE APROBACIÓN** [Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2021](#)

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello solicitando a inclusión neste Plan Adicional dos novos investimentos, segundo o modelo que figura na plataforma Subtel. O acordo deberá indicar a denominación dos novos investimentos financeiramente sostibles solicitados, desagregando a achega provincial aplicada e, de ser o caso, a achega municipal que voluntariamente realice. No caso de realizar algunha achega municipal, deberá declararse que o concello ten crédito ou se compromete a consignalo no seu orzamento para o seu financiamento

## **PROXECTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN** [Convocatoria POS+AD2b- OBRASSUM 2021](#)

Dado que se trata de novos investimentos, o concello deberá subir á plataforma Subtel os documentos esixidos nas Bases reguladoras do POS+ 2021 para os investimentos financeiramente sostibles, que son os que a continuación se indican, utilizando os Anexos que figuran na plataforma Subtel:

- Proxecto técnico da obra ou prego da subministración
- Anexo V: informe técnico sobre o investimento
- Anexo VI: Informe técnico – xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos
- Anexo VII: Memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible
- Anexo VIII: Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre o investimento financeiramente sostible

Para o caso de que proceda, deberán subirse ademais os seguintes documentos:

- Anexo IX: Certificación do acordo ou resolución relativo á non división en lotes.
- Anexo X: Informe sobre investimentos relativos ao ciclo da auga.

<b>POS+ADICIONAL 2/2021</b>	<b>25.000.000,00</b>
Abegondo	269.851,36
Ames	546.946,49
Aranga	216.107,00
Ares	145.309,13
Arteixo	589.618,90
Arzúa	372.734,97
Baña (A)	244.454,06
Bergondo	194.509,43
Betanzos	244.260,00
Boimorto	206.146,88
Boiro	389.344,94
Boqueixón	224.257,81
Brión	249.206,85
Cabana de Bergantiños	237.780,79
Cabanas	142.077,27
Camariñas	177.130,67
Cambre	423.765,60
Capela (A)	127.110,47
Carballo	687.379,21
Carnota	184.565,40
Carral	200.726,39
Cedeira	241.926,09
Cee	215.196,09
Cerceda	264.509,91
Cerdido	119.156,31
Coirós	122.805,35
Corcubión	71.948,85
Coristanco	327.144,87
Coruña (A)	170.453,26
Culleredo	513.198,58
Curtis	230.823,08
Dodro	116.823,60
Dumbría	246.990,53

Fene	256.607,56
Ferrol	282.358,15
Fisterra	138.091,00
Frades	200.897,64
Irixoa	154.877,54
Laxe	138.095,28
Laracha (A)	362.204,62
Lousame	207.259,72
Malpica de Bergantiños	202.652,72
Mañón	168.847,60
Mazaricos	345.685,96
Melide	346.488,72
Mesía	231.204,21
Miño	184.167,11
Moeche	125.726,54
Monfero	278.435,04
Mugardos	145.121,77
Muxía	280.583,81
Muros	249.916,27
Narón	607.211,19
Neda	141.471,71
Negreira	313.731,75
Noia	268.527,61
Oleiros	551.648,18
Ordes	414.508,39
Oroso	254.839,64
Ortigueira	430.075,55
Outes	261.905,34
Paderne	144.937,23
Padrón	214.686,17
Pino (O)	295.471,60
Pobra do Caramiñal (A)	202.642,14
Ponteceso*	269.984,90

Pontedeume	195.438,04
Pontes de García Rodríguez (As)	518.403,29
Porto do Son	290.716,22
Rianxo	257.158,59
Ribeira	468.146,34
Rois	240.432,27
Sada	290.227,89
San Sadurniño	210.097,66
Santa Comba	449.225,32
Santiago de Compostela	572.358,96
Santiso	198.513,57
Sobrado	231.887,02
Somozas (As)	168.635,29
Teo	397.217,73
Toques	176.150,15
Tordoia	252.606,90
Touro	280.947,12
Trazo	226.751,20
Valdoviño	243.694,38
Val do Dubra	247.560,49
Vedra	204.521,86
Vilasantar	152.353,64
Vilarmador	105.964,06
Vimianzo	385.363,04
Zas	304.965,18
Cariño	155.628,07
Oza-Cesuras	389.912,92